

# XEOCAMBADOS: PROPOSTA DE SAÍDA NUNHA PANDEMIA

PÉREZ MACEIRA, JORGE JOSÉ<sup>1</sup>  
SUÁREZ GESTAL, MARÍA DE LOS ÁNGELES<sup>1</sup>  
AMARELLE TAIBO, LORENA<sup>2</sup>  
CORREA PIÑEIRO, DUARTE<sup>2</sup>

<sup>1</sup>*Departamento de Biología e Xeoloxía*

<sup>2</sup>*Departamento de Xeografía e Historia  
IES Ramón Cabanillas (Cambados)*

## 1. Introducción

Na situación actual de pandemia a realización de actividades como saídas didácticas, visitas a museos ou roteiros en espazos naturais supón un problema de organización e de seguridade sanitaria. As saídas de campo son estratexias didácticas nas que se promove a comprensión do entorno tanto do medio natural como as relacións coas actividades humanas, pero tamén como vía de coñecemento de outros aspectos como históricos, xeográficos ou etnolóxicos. A maiores as saídas son un traballo grupal, cooperativo e participativo como recurso de innovación docente e aproveitamento didáctico do entorno cun marcado carácter multidisciplinar (Umaña, 2017).

Isto ten maior relevancia no momento actual de pandemia onde ditas actividades desapareceron totalmente e que marca un punto de inflexión na lenta recuperación da antiga normalidade. Na proposta didáctica realizada integramos todos estes elementos tanto de innovación como de recuperación dentro dunha iniciativa pedagóxica multidisciplinar e apoiada no uso dos recursos tanto dixitais como humanos do centro. Existen moitas propostas de rutas didácticas, itinerarios, roteiros ou saídas anteriores a pandemia cun carácter histórico, xeográfico ou natural (Pérez e Morón, 2016; Alcántara et al., 2019), pero moitas menos interdisciplinares (Fariás, 2005). A proposta de XeoCambados aproveita os recursos históricos, xeográficos e culturais da vila xunto con recursos naturais, biolóxicos e xeolóxicos, para realizar unha proposta integral construtivista e apoiada nas novas tecnoloxías para realizar a primeira actividade de roteiro pola vila e o seu entorno dentro da nova realidade educativa.

## 2. Metodoloxía

**Participantes.** Na proposta participou un só centro, o IES Ramón Cabanillas de Cambados cuxos claustro colaborou e participou no desenvolvemento da proposta e na realización da actividade. Os grupos seleccionados foron a totalidade do alumnado do centro incluíndo o alumnado de ESO (2 grupos de 1º, 2 grupos de 2º, 3 grupos de 3º e 3 grupos de 4º), bacharelato (4 grupos de 1º e 4 grupos de 2º) e do ciclo superior de Vitivinicultura (2 grupos de 1º e 2º de ciclo). A razón de optar por todo o alumnado do centro foi tanto abordar o propio currículo nos seus elementos transversais (Xunta de Galicia, 2015) como unha actividade de ruptura coa situación sanitaria e de volta a antiga normalidade.

**Desenvolvemento da secuencia.** As actividades, planificadas durante o mes de xaneiro e febreiro, foron realizadas durante o día 10 de marzo de 2021 dentro do proxecto de “21 días en Galego e máis” (<https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>). Empregouse unha bitácora asociada a códigos QR para guiar as diferentes actividades da xornada partindo do centro.

### Fases da proposta:

**Fase 1: Deseño das rutas e inclusión no proxecto 21 días en Galego.** A ruta foi deseñada polo alumnado de Xeoloxía de 2º de bacharelato, xeolocalizando os diferentes lugares onde se realizarían as actividades. Deseñáronse 2 rutas: unha ruta máis curta para o alumnado de 1º, 2º e 3º ESO, e unha ruta máis longa para o resto do alumnado do centro. Cada lugar das rutas foi xeoposicionado e creáronse as entradas nunha bitácora cun código QR cada unha. A inclusión no proxecto foi como unha actividade das múltiples realizadas no centro, como unha actividade multidisciplinar e de visibilización do proxecto na vila.

**Fase 2: Planificación das actividades e deseño do folleto.** Realizouse este folleto cun código QR que levaba a primeira entrada da bitácora e tiña as actividades que debían realizar. As actividades en cada lugar aproveitaban os elementos culturais, históricos ou naturais dispoñibles asociados ó uso das tecnoloxías, como identificación de rochas ou elementos arquitectónicos, por exemplo. A propia entrada da bitácora levaba outro código QR coa seguinte parte da ruta e a entrada da bitácora correspondente. De forma que a ruta é autoguiada e permite a autonomía persoal dos alumnos.

**Fase 3: Realización das rutas.** O día en cuestión dividíronse os grupos de clase en pequenos grupos de 5 alumnos. Os grupos da 1º, 2º e 3º da ESO levaban asignado un alumno de 2º de Bacharelato como responsable durante a ruta máis curta e saíron por unha das portas do centro. O resto de grupos foron saíndo en intervalos de tempo de 2 minutos por unha porta diferente e non levaron guía ningunha. A maiores situouse profesorado en determinados lugares de ambas rutas para maior seguridade. A ruta corta levou 2h e 30 minutos en facerse cunha parada para descansar e almorzar, mentres que a ruta larga levou 3h e 45 minutos e tamén tiña unha parada de descanso.

### 3. Resultados e conclusións

As actividades tiñan varias tarefas con fotografías, toma de datos ou resolución de enigmas que tiñan que entregar a través da bitácora ou a unha dirección de correo do centro para poder ser avaliadas dentro das diferentes materias implicadas, recibíndose máis de trescentas imaxes das diferentes rutas e grupos. A maiores tivo repercusión na prensa, con varios artigos na prensa local, e deu a coñecer o proxecto “21 días en galego e +” e o propio centro. Tamén o resultados mostran que o alumnado apreciou o coñecemento da súa vila, pois moitos non tiveran coñecemento dos lugares ou nunca os visitaran, sen deixar de citar os aspectos positivos da saída e da actividade para un alumnado que non fixera estas actividades dende antes da pandemia.

### 4. Referencias

- Alcántara Manzanares, J. e Medina Quintana, S. (2019). El uso de los itinerarios didácticos (sig) en la educación ambiental. *Enseñanza de las ciencias*, 37(2), 173-188.
- Olave Farías, Didima (2005). El itinerario didáctico: una propuesta metodológica para el análisis geo-histórico local. *Geoenseñanza*, 10 (2), 197-208.
- Pérez Melgar, M. e Morón Monge, H. (2016). El itinerario didáctico como herramienta para la activación patrimonial: una experiencia docente desde el Parque María Luisa. *Campo abierto: Revista de Educación*, 35 (2), 83-94.
- Umaña de Gauthier, G. (2017). Importancia de las salidas de campo en la enseñanza de la Geografía. *Folios*, (20), 105.120.
- Xunta de Galicia (2015). DECRETO 86/2015, de 25 de junio, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. DOGA 120, 25434 - 27073.